



- 1. Os chans de goma:**
 - a) Pódense tratar con emulsións.
 - b) Son chans brandos.
 - c) O seu mellor mantemento é con máquinas de alta velocidade (método spray).
 - d) Todas son correctas.

- 2. As alfombras e téxiles:**
 - a) Son chans porosos en tres dimensións.
 - b) O que más lles dana é o po.
 - c) Débense aspirar a diario.
 - d) Todas son correctas.

- 3. As emulsións:**
 - a) Débense aplicar en capas finas.
 - b) Hai que aplicar polo menos dúas capas.
 - c) Pódese pasar por elas máquina de alta velocidade.
 - d) Todas son correctas.

- 4. As emulsións pódense aplicar:**
 - a) Con fregona industrial.
 - b) Con aplicador.
 - c) Con máquinas de alta velocidade.
 - d) Todas son correctas.

- 5. As fregonas- abrillantadoras:**
 - a) Son máquinas de decapado.
 - b) Son máquinas de cristalizado.
 - c) Son correctas a a) e a b).
 - d) Ningunha é correcta.

- 6. As aspiradoras de auga:**
 - a) Dispoñen de boquilla de aspiración.
 - b) Dispoñen de beizos de goma.
 - c) Dispoñen de boia de seguridade.
 - d) Todas son correctas.

7. O mop- sec:

- a) É unha ferramenta de varrido húmido.
- b) Aplícase sobre os seus flocos produto capta-po dez minutos antes do seu uso.
- c) Pode ir protexido cando se quere conseguir unha maior hixiene.
- d) Todas son correctas.

8. O carro mopa:

- a) É unha ferramenta de fregado.
- b) Dispón de prensa para escurrir.
- c) Pode dispoñer dun a dous cubos dependendo do centro para limpar.
- d) Todas son correctas.

9. Para limpar as pantallas dos computadores:

- a) Deberán estar apagados e desconectados.
- b) Deberán empregarse produtos antiestáticos.
- c) A humidade pode provocar problemas.
- d) Todas son correctas.

10. As cadeiras tapizadas:

- a) Deberanse aspirar.
- b) Limparanse con baeta e producto capta-po.
- c) Quitaranse as manchas con escuma seca.
- d) Son correctas a a) e a c).

11. En limpeza de servizos hai que ter en conta:

- a) Limpar do menos sucio o máis sucio para evitar contaminacións.
- b) Utilizar moitos produtos.
- c) Preocuparse unicamente do chan.
- d) Ningunha é correcta.

12. A lixivia:

- a) Poderá utilizarse despois de limpar os servizos.
- b) Mesturarase co deterxente.
- c) Se é posible mesturarase con auga quente.
- d) Ningunha é correcta.

13. O deterxente acedo:

- a) Empregarase para quitar a sucidade de diario.
- b) Só serve para eliminar o óxido, sarro, cal,....
- c) Utilizarase despois de limpar.
- d) Son correctas a b) e a c).

14. O soporte de varrido húmido:

- a) É unha ferramenta que evita levantar o po xa que o atrapa na gasa humedecida.
- b) Utilízase sobre superficies tratadas.
- c) É un sistema de fregado.
- d) Son correctas a a) e a b).

15. O carro de limpeza pode estar dotado de:

- a) Cubos para aclarado.
- b) Bandexas para levar os útiles necesarios.
- c) Cubos de fregados de chans.
- d) Todas son correctas.

16. Os deterxentes neutros:

- a) Son produtos de mantemento.
- b) Eliminan a sucidade mineral.
- c) Empregaranse a diario.
- d) Son correctas a a) e a c).

17. A desinfección:

- a) É unha operación de limpeza específica para centros hospitalarios.
- b) Reduce o número de xermes.
- c) Sempre se realizarase con auga fría.
- d) Todas son correctas.

18. Os almacéns:

- a) Adoitán dispoñer de andeis.
- b) Os chans adoitán ser de cemento tratado.
- c) Son correctas a a) e a b).
- d) Ningunha é correcta.

19. Os andeis:

- a) Deberán limpíarse cando estean baleiras.
- b) A súa limpeza realizarase con baeta humedecida con solución de deterxente neutro.
- c) Requieren o uso de desinfectantes.
- d) Son correctas a a) e a b).

20. Os residuos que se reciclan son:

- a) Papel e cartón.
- b) Vidro.
- c) Infecciosos.
- d) Son correctas a a) e a b).

Preguntas de reserva:

1. O lixo:

- a) Retirarase sempre con luvas.
- b) Clasificarase correctamente.
- c) Depositarase en carros, nunca no chan.
- d) Todas son correctas.

2. A organización por tarefas:

- a) Permite especialización.
- b) Os rendementos aumentan.
- c) Aplícase en centros grandes.
- d) Todas son correctas.